



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
QUINTELA CELEBRADO O DÍA 16 – OUTUBRO – 2013**

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA XUNTANZA ANTERIOR.
- 2.- ESTADO DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.

No Colexio Público de Quintela, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezaseis de outubro de dous mil trece, baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, do concelleiro CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, reúnese o Consello Parroquial cos seguintes membros:

GRUPOS POLÍTICOS CON REPRESENTACIÓN MUNICIPAL:

PP – JOSÉ LUIS VILLAVERDE CAMPOS

BNG – XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO
A.E.R. - LUISA CAYETANO RODRÍGUEZ

AA. VV.:

ELOY QUIÑONES GUISANDE
FRANCISCO FERVENZA OTERO
CLAUDINO RODRÍGUEZ GÓMEZ

COMUNIDADE DE MONTES:

GENEROSA LEIRÓS BARREIRO
MARÍA JOSÉ FABRE FERVENZA

COMUNIDADE DE AUGAS:

FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ MARTÍNEZ
BERNARDO CASAS MONTERO



CONCELLO DE REDONDELA

ANPAS:

MARISA VILABOIA GÓMEZ
JULIO CESAR FERNÁNDEZ BARREIRO

NON ASISTIRON:

PAULA CAMPO CAMIÑA, representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Aberto o acto, pola Presidencia da comenzo explicando os orzamentos que solicitou para a realización das obras incluídas nos orzamentos participativos, acordadas na xuntanza anterior (25.09.2013), indicando que a actuación no “Camiño do Carballal” (subida ao colexio), non se pode realizar, xa que no catastro a finca ben mal localizada, e non está inventariada no patrimonio do Concello.

Continúa sinalando respecto deste camiño, que hai que escriturar a cesión do terreo por parte dos propietarios lindantes e inventarialo, e logo poderáse proceder á ampliación, asfaltado e canalización de pluviais.

De seguido a Presidencia da conta dos orzamentos solicitados para as marquesiñas (2), indicando que hai que facer as bases nas dúas, rematando que unha sería onde o tanatorio e a outra na Igrexa, que neste hai que adaptala un pouco.

Polo representante do grupo municipal do B.N.G., Xoan Carlos González Campo, pregunta se o feito de que sexan cerradas non suporía un perigo para os cativos, xa que teñen que saír fora para ver se chega o aoutobús. Polo que sería máis aconsellable poñer metacrilato ou cristal nalgún lateral.

O presidente responde que no caso do metacrilato, este deteriorase moi rápido e impide a visibilidade igualmente e o problema do cristal é que se rompe con moita prefucencia polos actos vandálicos e súpon un elevado custe de mantemento.

Para rematar a Presidencia sinala que as marquesinas serán tipo canastro, igual as que xa están noutros lugares.

Continuando coa súa intervención a Presidencia explica que ten algún orzamento das barandillas, que ao final se colocarían tres:

Unha ao lado da Igrexa, pola parte de abaixo.

Outra pasando onde vive o carteiro.

E a terceira no camiño da Igrexa, que sube, xa que algún viandante pode cair ao torreiro.

Remata sinalando que todos os presupostos que ten, son de empresas do Concello.



CONCELLO DE REDONDELA

O representante da comunidade de augas, Sánchez Martínez, indica porqué en vez de poñer barandillas non se poñen quitamedos, que sae máis barato, e a finalidade é que non caian os vehículos, recalcando o presidente que é prioritario a seguridade dos peóns.

E, por último sinala que a terceira actuación para os orzamentos participativos 2013, serán dous puntos de luz, postes, faros e mangueiras.

Explicando que si sobran algúns cartos, podería repararse a tubería para a canalización das augas pluviais do camiño do Carballal.

O representante do grupo municipal do BNG, o concelleiro González Campo pregunta se nestes orzamentos participativos no entraba o saneamento da “Fonte Faxina”, respostándolle o concelleiro Vilaboa Figueroa, que iso pode facelo o Concello.

Tamén a Presidencia pregunta ao Consello si no Canudo, se pode colocar a marquesina, preto de onde se atopa a perruquería, xa que alí hai parada de autobús, que recolle a bastantes nenos, e cando chove se mollan, respostándolle o Consello que aquilo xa pertence a Reboreda, non a Quintela, pero por parte de Quintela non habería ningún problema.

A representante da Comunidade de Montes, Generosa Leirós, pregunta á Presidencia como vai o tema da marquesina da “Coutada”, cando se vai a reparar, xa que estamos no inverno, respostándolle o concelleiro, Vilaboa Figueroa, que isto xa está en marcha.

O presidente informa que respecto á solicitude das sinais, estas non entran nos orzamentos participativos, xa que o Concello estase encargando directamente delo, levando o cabo un informe a Policía Local e posterior colocación nos lugares por eles indicados.

A representante da ANPA, Marisa Vilaboa, indica que a sinais do Colexio non as cambiaron, indicándolle a Presidencia que se van a quitar e substituir, como se está a facer coas outras.

Continuando a Presidencia preguntando que respecto da construción da pista polideportiva, o terreo que está antes de chegar ao “Camiño do Redondo de Costeira”, si saben de quen é, pois unha señora presentou un escrito no Concello, solitando que se limpara, e que é estivo consultado no Catastro sobre a titularidade do mesmo, e figura parte do Concello e parte de Inés Bemposta, decindo a representante da Comunidade de Montes, Fabre Fervenza, que neste terreo pasa porriba unha liña de alta tensión, e que efectivamente unha parte é da señora citada.



CONCELLO DE REDONDELA

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vinteunha horas e vinte mninutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, exténdese a presente acta, da que, como Secretario, DOU FE.-

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA

JUAN MANUEL GARCIA RODRIGUEZ